

Venres, 11 de marzo de 2022

Núm. 49

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022

EXTRACTO DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA DO 25 DE FEBREIRO DE 2022 POLA QUE SE CONVOCAN SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO Ao DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2022

BDNS(Identif.):614284

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/614284>)

1. Beneficiarios:

As asociacións que: carezan de fins de lucro, desenvolvan as súas actividades no ámbito territorial da provincia de Pontevedra, non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir subvencións públicas, non estean incursas nalguna das prohibicións para percibir subvencións recollidas na lei e que estean ao corrente coas obrigacións tributarias coa Seguridade Social, coa Facenda estatal, coa autonómica e coa Deputación de Pontevedra.

2. Obxecto

Subvencións dirixidas a financiar a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra, que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música e do teatro galego, ademais doutras variantes artísticas e que reúnan os requisitos establecidos na base cuarta da convocatoria. Establécense dúas modalidades de actuación:

- Festivais de música, e
- Festivais de artes escénicas.



Venres, 11 de marzo de 2022

Núm. 49

3. Bases reguladoras

Bases de subvencións aprobadas por acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra do 25 de febreiro de 2022, Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, bases de execución do Orzamento xeral da Deputación do exercicio 2022, na LGS e na demais lexislación de desenvolvemento.

4. Contía

150.000,00 €

5. Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base Nacional de Subvencións (BNS).

6. Outros datos de interese

- Solicitudes e documentación: Cada entidade poderá presentar unha única solicitude, en modelo normalizado e coa documentación establecida na base décima.
- Procedemento de concesión: concorrencia competitiva
- Criterios de valoración: os establecidos na base décimo terceira da convocatoria.
- Gastos subvencionables: aqueles que de maneira indubidable respondan á realización do proxecto e inclúanse entre os seguintes: os necesarios para o desenvolvemento da actividade obxecto de subvención.
- Compatibilidade: Se
- Forma de pago: Transferencia
- Forma de xustificación: mediante a presentación de facturas, conta xustificativa dos gastos, memoria xustificativa na que figuren todas as actividades realizadas e sinaladas previamente no expediente, incluíndo toda a programación paralela a efectos de comprobar o cumprimento das condicións establecidas na solicitude de subvención e acreditar a debida difusión nos termos previstos na base décimosexta da convocatoria.
- Prazo máximo de xustificación: 28 de febreiro de 2023.

Pontevedra, 03/03/2022

A presidenta, María del Carmen Silva Rego

